



Xunta de Galicia
CONSELLERÍA DE
EDUCACIÓN E O. U.

IES DE FOZ

RÚA CASTELAO, S/N - 27780 FOZ (LUGO)
TFNO.: 982 870287 ies.foz@edu.xunta.es
FAX: 982 870299 www.edu.xunta.gal/centros/iesfoz



FONDO SOCIAL
EUROPEO

PRÉSTAMO DE LIBROS E AXUDAS PARA MATERIAL CURSO 2019-2020

No DOG do 20 de maio saíu publicada a orde que regula a participación no fondo solidario e na que se convocan as axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado da ESO. Toda a información correspondente pódese consultar na páxina web do centro ou no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/fondolibros>

A solicitude para a axuda poderá cubrirse accedendo á aplicación da Consellería de Educación "Fondolibros" <http://www.edu.xunta.gal/fondolibros> e unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude, e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

1. Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia. As solicitudes deben presentarse **preferiblemente por vía electrónica** nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación "Fondolibros" a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>
2. Presentación no centro cuberta telemáticamente: Neste caso, unha vez cuberta a solicitude e gardada na aplicación "Fondolibros", imprimirán a solicitude e o anexo II (na solicitude debe figurar o número asignado pola aplicación) e presentaranos no centro (debidamente asinados), xunto coa seguinte documentación:
 - ANEXO II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
 - Fotocopia do DNI do alumno/a para o/a que se solicite a axuda.
 - Fotocopia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. No caso de que o libro de familia non reflicta a situación en 31 de decembro de 2017, poderán acreditar o número de membros coa sentenza xudicial de separación onde figure a custodia do menor ou cun certificado de convivencia.
 - Certificado do grao de discapacidade do alumno/a ou de calquera membro da familia, SÓ se o órgano que o recoñece non pertence á Xunta de Galicia.

Estes documentos son os máis xerais, para casos especiais débese consultar a documentación a entregar.

Tamén se podería presentar a solicitude no centro cuberta de forma manual. Neste caso habería que descargar e imprimir a solicitude (Anexo I) e o Anexo II, cubrilos e asinalos manualmente e entregalos no centro coa documentación sinalada no punto anterior.

O alumnado que se vaia a matricular en 1º ou 2º da ESO para o curso 2019/2020 (cursos incluídos no proxecto de educación dixital) está excluído do préstamo de libros. No obstante, poderá solicitar a axuda para adquirir material escolar.

O prazo para a presentación remata o 21 de xuño.

Foz, 21 de maio de 2019.

Asdo.: O Director

